CONVENIO DE COLABORACIÓN
PARA A DEFINICIÓN E EXECUCIÓN DA CÁTEDRA INTERNACIONAL
"JOSÉ SARAMAGO"

Entre

A **COFAC-Cooperativa de Formação e Animação Cultural Crl**., en calidade de entidade fundadora da Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnologias (ULHT), con sede na Avenida do Campo Grande, 376, Lisboa, e con número fiscal 501679529, neste acto representada polo Profesor Doutor Manuel de Almeida Damásio, en calidade de Presidente da dirección da COFAC, pola Profesora Doutora Maria da Conceição Soeiro, en calidade de Secretaria da dirección, e polo Professor Doutor Mário Caneva Moutinho, como Reitor da Universidade, com poderes para o acto, en adiante denominada ULHT ou Primeira Outorgante,

e

A **Universidade de Vigo**, neste acto representada por don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019, con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 3631O Vigo, en adiante designada Universidade de Vigo ou segunda outorgante.

Considerando que:

PRIMEIRO - A Universidade de Vigo é unha entidade de Dereito Público que, xuntamente coa misión docente, desenvolve actividades de investigación e de índole científica e divulgación social o que a configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento e transferencia por e para a sociedade en Galicia.

A Universidade de Vigo celebrou, o dia 27 de abril de 2015, un Convenio de colaboración coa Fundação José Saramago para a organización e execución dunha Cátedra internacional, centrada na figura de José Saramago (Premio Nobel de Literatura Universal), en adiante designado por "autor", con o obxectivo de presentar a súa candidatura ás cátedras "ad personam" da UNESCO no ámbito do patrimonio cultural e social.

O propósito deste convenio consiste en realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de asuntos que resulten de interese para as institucións que representan. De entre estas actividades, de forma enunciativa pero non limitativa, menciónanse as seguintes:

1. Desenvolvemento de proxectos de divulgación social e de transferencia do coñecemento;
2. Organización e realización de actividades de divulgación e /ou difusión e promoción da figura e da obra universal de José Saramago, como cursos, conferencias, simposios ou seminarios;
3. Apoio a docentes, investigadores e estudantes;
4. Intercambio de publicacións, traballos de investigación e de calquera tipo de materiais académicos que resulte de interese para todo o tipo de proxectos culturais e literarios de interese común;
5. Mobilidade de estudantes e de persoal docente;
6. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade;
7. Calquera outra que sexa considerada de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e conforme coa legalidade establecida na normativa de contratación do sector público.

SEGUNDO - A ULHT é unha institución portuguesa de ensino superior privado que se dedica, concretamente, á creación, transmisión, crítica e difusión da cultura, arte, ciencia e tecnoloxía e ten como obxectivo o ensino, a investigación e a prestación de servizos nestes dominios, dende unha perspectiva interdisciplinaria, para o desenvolvemento dos países en xeral e en particular dos países e pobos lusófonos.

TERCEIRO - Polo anteriormente exposto, a ULHT e a Universidade de Vigo resaltan a necesidade de fomentar accións que incentiven a proxección internacional, académica, social e cultural da figura deste Premio Nobel da Literatura Universal e propoñen un programa de actividades para esta Cátedra, pioneira para a promoción da figura de José Saramago como candidato á Cátedra UNESCO no campo do patrimonio social e cultural.

O presente convenio de colaboración que se rexe polas seguintes cláusulas, é celebrado libremente e de boa fe:

Cláusula 1ª

Obxecto

O presente convenio pretende a constitución dunha relación de cooperación institucional co obxectivo de promover um conxunto de iniciativas que contribúan á proxección internacional e social da Cátedra Internacional José Saramago em ámbitos académicos e científicos, especialmente mediante:

a) A intensificación da inclusión dos textos do autor na oferta formativa da ULHT e da Universidade de Vigo, en todos os ciclos de estudos, sempre que sexa aplicable aos contidos programáticos correspondentes.

b) A sensibilización, en particular na Universidade de Vigo, para a realización de Traballos de Fin de Curso / "Traballos de Fin de Grao" (TFG – *Traballos de conclusión de Licenciatura en Estudos Portugueses*), e en xeral, cando sexa aplicable, as Disertacións e Teses, en torno á vida e obra do autor;

c) A promoción de coloquios, conferencias, mostras de teatro, recitais literarios, pezas musicais e artísticas, relativos á vida e obra do autor;

d) O feito de dar publicidade, nas plataformas dixitais, en centros de ensino, bibliotecas ou librerías, aos resultados da produción científica desenvolvida;

e) A creación e promoción de material audiovisual de apoio específico (MOOCs);

Cláusula 2ª

Consello Reitor

A ULHT integrará, polo presente convenio, o Consello Reitor da Cátedra José Saramago, indicando, para o efecto, o seu representante.

Cláusula 3ª

Financiamento

1. O presente convenio ten un financiamento total de 1500 euros ("mil cincocentos euros") anuais, a prestar pola ULHT, baixo a responsabilidade do órgano específico creado para ese fin no exercicio contable e orzamentario da Universidade de Vigo.
2. A dotación á que alude o número anterior será efectuada nunha única prestación, ao inicio do exercicio contable, con data límite do 15 de marzo do correspondente ano civil.
3. O compromiso financeiro da ULHT destínase, exclusivamente, á execución das actividades discriminadas no Plan de Actividades que será elaborado pola Universidade de Vigo, coa conformidade da primeira outorgante, e á que deberá ser remitido ao inicio de cada ano civil correspondente, como data límite o 31 de xaneiro.
4. O Plan de Actividades presentado poderá recibir dotacións financeiras de entidades terceiras destinadas á definición dunha actividade concreta, non debendo superar o custo da actividade financiada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do dia 13 de xuño, de financiamento de Galicia.
5. Para efectos do disposto no número anterior, o apoio financeiro de entidades terceiras só pode ser solicitado, recibido ou aceitado, mediante acordo expreso e previo, entre a ULHT e a Universidade de Vigo.

6. O financiamento que prestará a ULHT dependerá da dispoñibilidade orzamentario da institución en cada ano civil ao que corresponde o Plan de Actividades proposto.
7. No caso previsto no número anterior, a ULHT comunica á Universidade de Vigo a súa decisión de redución ou suspensión do financiamento, ata o final do mes de outubro de cada ano civil.

Cláusula 4ª

Obrigas dos outorgantes

1. A ULHT asume, nos límites da dotación prevista no n.º 1 da cláusula terceira, o financiamento dos traballos e estudos necesarios para a realización das actividades previstas na cláusula primeira, sen prexuízo do deber de cooperación da Universidade de Vigo.
2. A Universidade de Vigo comprométese a enviar, ao inicio de cada ano civil e a fin de alcanzar os obxectivos establecidos, un Plan de Actividades suxeito á aprobación da ULHT, e o seguintes documentos:

    a) Declaración certificada que acredite o cumprimento do establecido neste Convenio polos órganos administrativos competentes da Universidade de Vigo e respectivos relatorios orzamentarios, incluíndo a relación de gastos realizados.

    b) Memoria explicativa das actividades desenvolvidas con base no Plan de Actividades proposto e respectiva xustificación financeira.

Cláusula 5ª

Relación institucional

A celebración do presente Convenio non implica unha relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a COFAC/ULHT, a Universidade de Vigo e os profesionais que desenvolvan as actividades, non podendo esixir ningunha responsabilidade a esta institución, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos decorrentes do desenvolvemento do mesmo.

Cláusula 6ª

Comisión de acompañamento.

Para o acompañamento do convenio ou para o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que podan xurdir, será creada unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

a) Tres membros da ULHT dos cales un actuará como presidente;

b) Tres membros da Universidade de Vigo dos cales un será o responsable científico das accións que haberá que realizar ou a persoa en quen delegue.

Cláusula 7ª

Vixencia do Convenio

1. O presente Protocolo de Cooperación ten a duración de 3 (tres) anos civís, dende xaneiro de 2021.
2. As negociacións conducentes á modificación ou cesación/cesamento deste Protocolo de Cooperación por mutuo consentimento deberán ser consignadas por escrito, debendo a posición final constar de documento escrito asinado polos representantes das partes.

Cláusula 8ª

Natureza do convenio

1. De acordo co establecido no artigo 36 do decreto 11/2009, do dia 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do dia 13 de xuño, de financiamento de Galicia, este Convenio ten interese público pola recoñecida capacidade científica, docente e social da Universidade de Vigo no ámbito de actuación así como polo interese innovador e pioneiro do obxectivo deste Convenio, non sendo necesario promover a concorrencia competitiva xa que se trata da Universidade de Vigo, unha institución con capacidade para promover e desenvolver unha iniciativa de mecenado e “Fundraising”, como a que constitúe a xestión desta Cátedra internacional sobre a figura de José Saramago.

2. O presente Convenio ten a natureza prevista no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e realízase ao abeiro do que está establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas desta norma, e por defecto pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo que foi establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de financiamento de Galicia e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do dia 8 de xaneiro."

Cláusula 9ª
Publicidade.

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do dia 27 de xullo, a ULHT consente expresamente que a Universidade de Vigo inclúa e torne públicos, nos rexistros regulados por este decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e financiamento recibidos.

Cláusula 10ª
Incumprimento

1. Calquera das outorgantes poderá resolver o presente Convenio por incumprimento de algunha das cláusulas contractuais imputable á outra outorgante, nos termos xerais de dereito.
2. O incumprimento das obrigas dun outorgante exonera o outro das súas obrigacións.

Cláusula 11ª
Resolución de controversias

A resolución das controversias e conflitos que se poidan formular sobre a interpretación e execución do presente Convenio deberan ser resoltas, por mutuo acordo entre as partes, en sede de comisión mixta de acompañamento.

Cláusula 12ª

Protección de datos

As partes manifestan que coñecen e cumpren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigación legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Lido por todas as partes en conxunto, por si mesmas en separado, e como proba de conformidade co que foi expresado no presente convenio, asínase e rubrícase en duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Vigo, na data da última sinatura	Lisboa, ... de ..... 2020.
Pola Universidade de Vigo	**Pola Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnologias**
	MÁRIO CANEVA DE MAGALHÃES MOUTINHO Assinado de forma digital por MÁRIO CANEVA DE MAGALHÃES MOUTINHO Dados: 2021.01.11 13:02:12 Z
_____	_____
Manuel Joaquín Reigosa Roger Reitor da Universidade de Vigo	Prof. Doutor Mário Caneva Moutinho Reitor da ULHT
	Assinado por : **Manuel de Almeida Damásio** Num. de Identificação: BI01471951 Data: 2021.02.15 16:38:24+00'00' CHAVE MÓVEL _____ Prof. Doutor Manuel de Almeida Damásio Presidente da Dirección da COFAC
	Assinado por : **Maria da Conceição Ferreira Soeiro** Num. de Identificação: BI00638929 Data: 2021.02.09 11:31:32+00'00' CHAVE MÓVEL _____ Profª Doutora Maria da Conceição Soeiro Secretaria da Dirección da COFAC